



Proxecto de Decreto..../,,, polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

O 26 de outubro de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (Regasa) co fin de desenvolver, no ámbito autonómico galego, o disposto no artigo 2 do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos que regula á excepción da obrigatoriedade, de determinadas empresas, de estar inscritas no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos e a necesidade da existencia dun rexistro autonómico no que deberían incluírse todas aquelas empresas alimentarias exceptuadas de inscrición no rexistro nacional.

Conseguentemente, en cumprimento do citado mandato legal, o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, no seu artigo 4 dispón que as empresas, e establecementos alimentarios, suxeitos a inscrición estarán constituídas por aquelas cuxo operador/a económico teña a súa sede, domicilio, axencia ou exerza a súa actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia e cuxa actividade consista exclusivamente en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega in situ ao/a consumidor/a final con ou sen reparto a domicilio, ou a colectividades, así como cando estes abastezan a outros establecementos destas mesmas características e se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción respecto da realizada por aqueles, que se leve a cabo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu parágrafo 2 dispón que non serán obxecto de asento no Regasa as empresas e establecementos alimentarios que teñan a obriga de estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, regulado polo Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, os locais ou establecementos de venda ambulante, como carpas, postos e vehículos de venda ambulante, establecementos de tempada, locais utilizados principalmente como vivenda privada, locais utilizados ocasionalmente para servir comidas e máquinas expendedoras.

Pasados máis de catro anos da creación do Regasa, e trala experiencia acadada na súa xestión en relación cos/as administrados/as na tramitación dos procedementos de comunicación de inicio de actividade para a inscrición e/ou de modificación de datos no Regasa, e as dúbidas que a redacción actual suscita, considérase necesario clarexar e modificar o contido do apartado 2 do artigo 4 relativo ás empresas e establecementos alimentarios que están exceptuados da súa inscrición no Regasa .

Asemade, o dinamismo das actividades comerciais, fai que a definición e clasificación das devanditas actividades, recollidas no anexo III do Decreto 204/2012, do 4 de outubro, co seu correspondente código de inscrición, teña que ser actualizada, ben modificando a descrición dalgún dos códigos existentes, ou ben incorporando novos códigos e descrições ao antedito listado para intentar abarcar tódalas actividades ligadas a este tipo de establecementos. Neste sentido, no seu anexo III, apartado A.1, agrupáronse baixo un determinado sistema de codificación as actividades comerciais que foron



consideradas epígrafes xenéricos para o rexistro das actividades que desenvolven as distintas empresas ou establecementos alimentarios.

Ademais, para facilitar á cidadanía a tramitación das súas comunicacións previas, engádesse a cada unha das actividades un campo de observacións no que se describen brevemente as actividades que quedan encadradas no seu código correspondente.

A modificación efectuada ten como finalidade última a protección da saúde pública e os intereses das persoas consumidoras finais mediante o exercicio pola administración sanitaria das súas funcións de control e inspección, tanto sobre as empresas e establecementos sometidos á obriga de inscrición no Regasa como sobre o exercicio das súas actividades comerciais, entre as que se atopan as fases específicas da cadea alimentaria (tales como manipulación de alimentos, fabricación ou elaboración) como do seu almacenaxe, distribución ou venda.

Por último, debe sinalarse que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas concede unha atención especial á regulación da administración electrónica. Na súa exposición de motivos alúdese a unha *“administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico”* e no seu articulado recóllese tanto o dereito da cidadanía a comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración, como a obriga de determinados suxeitos de relacionarse coa administración a través de medios electrónicos. No seu articulado tamén se prevé a potestade da administración para obrigar a outros suxeitos a relacionarse administrativamente a través de medios electrónicos.

Neste senso, o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recolle que, regulamentariamente, as Administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Por todo o anterior, é preciso modificar o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, no que se refire á comunicación previa de inicio, modificación, ou cese de actividade das empresas e establecementos sometidas a inscrición rexistral, así como a comunicación de modificación de datos, que se realizará a través da administración dixital co fin de adaptala á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día --,

DISPOÑO:

Artigo Único. Modificación do Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios



O Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 4.2 queda redactado como segue:

“Artigo 4. Empresas e establecementos alimentarios suxeitos a inscrición

2. Non serán obxecto de asento no Regasa:

a) As empresas e establecementos alimentarios que teñan a obrigaón de estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, regulado polo Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro.

b) Os locais ou establecementos de venda ambulante ou non sedentaria. Entenderase por venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente con ocupación autorizada de espazos públicos, tales como carpas, postos ou vehículos.

c) Os locais utilizados exclusivamente para servir comidas.

d) As máquinas expendedoras de alimentos.

e) Os establecementos sanitarios.

Dous. O número 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

“Artigo 6. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e establecementos alimentarios

3. A comunicación previa de inicio da actividade económica das empresas e establecementos alimentarios obxecto de inscrición, así como a comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria e de cese de actividade realizarase segundo os modelos recollidos nos anexos I e II, respectivamente, a través do portal <https://sede.xunta.gal> e dirixirase á autoridade competente en materia de sanidade de cada provincia en función do lugar no que a entidade teña establecido o seu domicilio social.

Tres. Engádese un artigo 6 bis que queda redactado como segue:

“Artigo 6 bis. Presentación electrónica obrigatoria das comunicacións

1. As comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa comunicación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da comunicación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación das comunicacións poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).“



Catro. Engádese un artigo 6 ter que queda redactado como segue:

“Artigo 6 ter. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación a seguinte documentación.

a) Xustificante acreditativo do pagamento da taxa de inscrición, modificación ou cese da actividade económica, segundo o caso.

b) Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante ela.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

3. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

4. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.”

Cinco. Engádese un artigo 6 quater que queda redactado como segue:

“Artigo 6 quater. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa comunicante

b) DNI/NIE da persoa representante

c) NIF da entidade comunicante

Seis. Engádese un artigo 6 quinquies que queda redactado como segue:

“Artigo 6 quinquies. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta



a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.”

Sete. Engádesse un artigo 6 sexies que queda redactado como segue:

“Artigo 6 sexies. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Oito. Engádesse un artigo 6 septies que queda redactado como segue:

“Artigo 6 septies. Información básica sobre protección de datos persoais

1.Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Sanidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actuación da información e contidos da carpeta cidadá.

2.O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

3.Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



4.Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5.As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Nove. Suprímese a disposición adicional primeira.

Dez. Modifícanse os “anexos” I, II e III, que quedan redactados nos termos que figuran no anexo do presente decreto.

Disposición adicional Única. *Actualización de modelos normalizados.*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,2018

ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO

PRESIDENTE

Jesús Vázquez Almuíña

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA A INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS (REGASA)	SA550A	COMUNICACIÓN

DATOS DA PERSOA COMUNICANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO							
NOME DO ESTABLECEMENTO						NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
ACTIVIDADE ALIMENTARIA (1) (2)						CÓDIGO/S (3)	

(1) Descrición da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.

(2) Enumeraranse todas as actividades que vaia desenvolver.

(3) Código da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	● Persoa comunicante ● Persoa representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1- Que todos os datos contidos nesta comunicación e nos documentos que se xuntan son certos.
2. Que dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son adecuados á normativa que lles é de aplicación.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
☐ Xustificante acreditativo do pago da taxa.
☐ Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante ela.



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa comunicante
DNI/NIE da persoa representante
NIF da entidade comunicante

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia).
Finalidades do tratamento	Xestión dos rexistros sanitarios da Consellería de Sanidade.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior.
- Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.
- **ESPACIO PARA UN NOVO DECRETO**

SINATURA DA PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Xefatura Territorial de _____

**ANEXO II**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN DE DATOS NO REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS (REGASA)	SA550B	COMUNICACIÓN

DATOS DA PERSOA COMUNICANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO

NOME DO ESTABLECEMENTO						NUMERO REGASA	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA					LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
ACTIVIDADE ALIMENTARIA (1) (2)						CÓDIGO/S (3)	

CAMBIO DE TITULAR

APELLIDO E NOME OU RAZON SOCIAL DO/DA ANTERIOR TITULAR	NUMERO REGASA

CAMBIO DE DOMICILIO SOCIAL

NOME DA VÍA ANTERIOR	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR		



CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
---------------	-----------	----------	------------

AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE ⁽¹⁾ ⁽²⁾	CÓDIGO/S ⁽³⁾

CESAMENTO DE ACTIVIDADE ⁽¹⁾ ⁽²⁾	CÓDIGO/S ⁽³⁾

(1) Descrición da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.

(2) Enumeraranse todas as actividades que vaia desenvolver.

(3) Código da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNNotifíquese a: ☒ Persoa comunicante ☐ Persoa representanteTodas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1- Que todos os datos contidos nesta comunicación e nos documentos que se xuntan son certos.

2- Que dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son adecuados á normativa que lles é de aplicación.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA☐ Xustificante acreditativo do pago da taxa.☐ Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante ela.**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa comunicante

DNI/NIE da persoa representante

NIF da entidade comunicante

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia).
Finalidades do tratamento	Xestión dos rexistros sanitarios da Consellería de Sanidade.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior.
- Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.
- **ESPACIO PARA UN NOVO DECRETO**

SINATURA DA PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Xefatura Territorial de _____



“ANEXO III”

Asignación de número de identificación no Regasa

1) Un bloque de catro díxitos asignado en función da actividade que desenvolva conforme recóllese na táboa seguinte:

Código	Tipo de actividade	Descrición
9600	Obradoiro de panadería e/ou pastelería non industrial	Establecemento no que a actividade principal é a fabricación ou elaboración de pan, produtos de pastelería, confeitaría, bolería, repostería e/ou masas fritas cun ámbito de distribución local. Neste apartado non se inclúen os establecementos ou instalacións nas que se realiza unicamente a cocción final dos anteditos produtos .
9603	Despacho de venda de pan e/ou pasteis	Establecemento no que a actividade principal é a venda de pan, produtos de pastelería, confeitaría, bolería, repostería, e masas fritas, incluíndo outros produtos típicos do sector (tales como mazapáns, caramelos ou chocolates). Pode dispor de equipamento unicamente para a finalización dos anteditos produtos precocidos.
9700	Prazas de abastos	Instalacións pechadas e normalmente cubertas, con ou sen servizos comúns, nas que diversos/as comerciantes fornecen polo miúdo todo tipo de alimentos perecedoiros tales como carnes, peixes, froitas, verduras e/ou hortalizas.
9701	Produtos lácteos tradicionais (PLT)	Establecementos elaboradores de produtos lácteos tradicionais definidos no Decreto 125/1995, do 10 de maio, polo que se regula a elaboración de produtos lácteos a base de leite cru de vaca, considerados como produtos tradicionais e se crea o Rexistro de Explotacións Agrarias Elaboradas de Produtos Lácteos Tradicionais.
9801	Restauración comercial I	Establecementos nos que se elaboran, fornecen, serven ou venden tapas, racións, petiscos, e/ou similares para ou seu consumo in situ ou para ser levados.
9802	Restauración comercial II	Establecementos que dispoñen de cociña e/ou comedor (restaurante, buffet-autoservicio, pratos combinados, servizo a domicilio, comida rápida etc...) nos que se elaboran alimentos para o seu consumo in situ ou para ser levados.
9803	Restauración social	Escolas, hospitais, residencias, albergues, centros asistenciais, empresas, etc. nos que se elaboran alimentos para ou seu consumo “in situ” por unha colectividade.
9840	Depósitos de alimentos	Locais nos que as entidades sen ánimo de lucro almacenan alimentos previamente á súa distribución.
9901	Hipermercados	Establecementos comerciais de venda polo miúdo nos que se expenden todo xénero de artigos alimenticios, bebidas, produtos de limpeza, etc..., e que funciona en réxime de autoservizo, de maior tamaño que un supermercado e situados xeralmente nas inmediacións das grandes cidades. Neste epígrafe inclúense as actividades amparadas polos códigos 9603, 9914, 9915, 9916, 9917, 9918, así como a elaboración de alimentos




		para ser levados incluídos no código 9802.
9902	Supermercados / ultramarinos	Establecementos comerciais de venda polo miúdo nos que se expenden todo xénero de artigos alimenticios, bebidas, produtos de limpeza, etc., e que poden funcionar en réxime de autoservizo, incluída a venda a través de máquinas expendedoras. Neste epígrafe inclúense as actividades amparadas polos códigos 9603, 9914, 9915, 9916, 9917, 9918 así como a elaboración de alimentos para ser levados incluídos no código 9802.
9910	Carnizaría	Establecementos adicados á manipulación, preparación e presentación e, no seu caso, almacenamento de carnes e despoños frescos (refrixerados ou conxelados), con ou sen óso, nas súas diferentes modalidades (fileteado, cortado en anacos, picado, mechado e outras análogas, segundo se trate), así como, pero sen elaboración propia, de preparados de carne, produtos cárnicos (enteiros, partidos ou en rebanadas) e outros produtos de orixe animal, para a súa venda ao/a consumidor/a nas dependencias propias destinadas a dito fin.
9911	Carnizaría-salchichería	Establecementos adicados á actividade de carnizaría, con elaboración en obradoiro anexo ou separado das dependencias de venda, pero pechado ao público, de preparados de carne (frescos, crus-adobados, etc...), e embutidos de sangue tales como as morcillas e a botifarra negra ou daqueles outros tradicionais que as autoridades competentes poidan determinar e autorizar. Así mesmo inclúese a actividade de salgar touciño.
9912	Carnizaría-charcutería	Establecementos adicados á actividade de carnicería, con elaboración en obradoiro anexo ou separado das dependencias de venda, pero pechado ao público, de produtos cárnicos, outros produtos de orixe animal e pratos cociñados cárnicos, ademais dos contemplados para as carnizarías-salchicherías
9913	Peixaría	Establecemento no que a actividade principal é a venda polo miúdo de produtos da pesca .
9914	Froitería	Establecemento no que a actividade principal é a venda polo miúdo de vexetais.
9915	Lambetadas	Establecemento no que a actividade principal é a venda de caramelos, lambetadas e/ou produtos similares.
9916	Herbodietética e/ou parafarmacias	Establecementos nos que se realiza a venda de especies vexetais para infusións e/ou os seus derivados, complementos alimenticios, de nutrición deportiva ou de nutricosmética ou alimentos especiais.
9917	Comerciante polo miúdo de conxelados	Establecemento no que a actividade principal é a venda polo miúdo de alimentos conxelados.
9918	Punto de venda de produtos alimenticios	Establecementos nos que a actividade principal non é a venda de alimentos, e nos que se venden algún tipo de alimentos envasados, mesmo complementos alimenticios, de nutrición deportiva ou de nutricosmética ou de alimentación especial. (tales como bazares, droguerías, etc.)
9919	Punto de venda de	Establecementos nos que a actividade principal non é a venda de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es



	complementos alimenticios	alimentos, e nos que se venden algún tipo de complementos alimenticios, de nutrición deportiva ou de nutricosmética, (tales como ximnasios, tendas de deporte, centros de beleza, etc.)
9928	Xeaderías	Establecementos nos que a actividade principal é a fabricación, elaboración e/ou venda de xeados para ou seu consumo inmediato